

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

12891 *Real decreto 1068/2015, do 27 de novembro, polo que se establece o réxime específico do sistema de provisión dos postos de traballo dos catálogos das unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.*

O Real decreto 400/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica do Ministerio do Interior, dedica o seu artigo 2 á Secretaría de Estado de Seguridade.

En concreto, o seu punto 3 refírese aos órganos de coordinación que dependen do secretario de Estado de Seguridade: o Gabinete de Coordinación e Estudos, a Inspección de Persoal e Servizos de Seguridade e o Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO).

A estes órganos encoméndanselles funcións directamente relacionadas con actuacións no ámbito da seguridade como a loita contra a criminalidade, a delincuencia organizada, o terrorismo e o radicalismo violento ou a inspección das actuacións realizadas pola Policía Nacional ou pola Garda Civil, entre outras, que soamente poden ser desenvolvidas por membros das forzas e corpos de Seguridade do Estado, o que motivou que, hoxe en día, os postos deses órganos de coordinación no catálogo de postos de traballo da Secretaría de Estado de Seguridade estean ocupados na súa práctica totalidade unicamente polo dito persoal.

Nos seus puntos 5 e 6 relaciónanse as subdireccións xerais que dependen do secretario de Estado de Seguridade, onde se inclúen a de Planificación e Xestión de Infraestruturas e Medios para a Seguridade, a de Sistemas de Información e Comunicacions para a Seguridade, así como o organismo autónomo Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado, que dependen igualmente do secretario de Estado de Seguridade.

Ademais, xunto a estas unidades, existe un gabinete como órgano de asistencia inmediata ao secretario de Estado, conforme se recolle no punto 2.

Todas elas realizan funcións relacionadas intimamente coa seguridade, como o desenvolvemento das bases de datos policiais, implantación dos sistemas de comunicacións e de información, políticas de estranxeiría e inmigración, asesoramento, etc., que determinan igualmente que eses postos estean ocupados maioritariamente polos funcionarios das forzas e corpos de seguridade do Estado, ben que teñen tamén unha vertente de competencias de xestión e especialidade que aconsellan que os seus postos poidan ser ocupados por outro persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, o artigo 6 refírese á Dirección Xeral de Relacións Internacionais e Estranxeiría, como órgano directivo que depende da Secretaría de Estado de Seguridade, que exerce funcións en materia de cooperación policial internacional e da que dependen as subdireccións xerais de Cooperación Policial Internacional e de Relacións Internacionais, Inmigración e Estranxeiría.

Na actualidade as normas para a provisión dos postos de traballo destas unidades son as que, con carácter xeral, se aplican aos funcionarios da Administración xeral do Estado, e non se pode aplicar a normativa específica de provisión de destinos da Policía Nacional ou da Garda Civil, por canto o seu ámbito de aplicación se circunscribe ao catálogo de postos de traballo das direccións xerais da Policía ou da Garda Civil, respectivamente, máis acorde coa natureza dos postos e do persoal que os ocupan, en cuestións específicas como a publicación das convocatorias no Boletín Oficial da Garda Civil ou na Orde Xeral da Dirección Xeral da Policía, sen exixir, en ningún caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Neste contexto, razóns de confidencialidade e seguridade da información aconsellan fixar un réxime que considere as especificidades do sistema de provisión dos postos de traballo dos catálogos das unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade, que non dispoñan da súa propia normativa, nos termos previstos no artigo 4 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Co obxecto de dispoñer da habilitación legal necesaria para regular o dito sistema, incorporouse unha nova disposición derradeira quinta á Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, a través da disposición derradeira primeira da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da Policía Nacional, que habilita o Goberno para regular esas especificidades que se referirán, se é o caso, ao procedemento de valoración dos méritos nos concursos de provisión dos postos e ao réxime de publicidade, incluíndo as eventuais restricións a este e as garantías dos dereitos dos interesados.

Así mesmo, determinarase o sistema de provisión dos ditos postos como de concurso ou libre designación, atendendo a esas razóns de confidencialidade e seguridade sinaladas.

En uso desa habilitación procédese a regular un réxime específico que fixe unhas regras adecuadas e coherentes para a provisión deses postos que, de maneira exclusiva nalgunhas desas unidades e maioritariamente noutras, veñen sendo cubertas por funcionarios da Policía Nacional ou da Garda Civil, por razóns de confidencialidade e seguridade; evítase así que a aplicación da normativa dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado a ese colectivo poida afectar negativamente a provisión destas prazas ao non ter en conta as súas especiais circunstancias.

Os postos de traballo dos catálogos dalgunhas unidades serán de adscrición exclusiva para persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado, de forma que se dota así do necesario fundamento xurídico unha práctica recoñecida actualmente a través do catálogo de postos de traballo. Non obstante, considérase a posibilidade de que os postos dos titulares desas unidades, así como os postos das demais unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade, poidan ser ocupados por outro persoal funcionario da Administración xeral do Estado, nos termos previstos nos correspondentes catálogos.

Tamén se aproveita para determinar o sistema de provisión deses postos, concretando a composición da comisión que valore os méritos nos concursos específicos, máis adecuada e acorde coas características dos postos e do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado. Establécense igualmente aqueles postos que se ocuparán polo sistema de libre designación, por ter asignado un nivel de complemento de destino 26 ou superior.

En canto á publicación da súa convocatoria e da súa resolución, limítase exclusivamente á Orde Xeral da Dirección Xeral da Policía e ao Boletín Oficial da Garda Civil, para aquelas unidades cuxa adscrición exclusiva dos seus postos o sexa para persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado; todo iso sen prexuízo de que tamén se publiquen no «Boletín Oficial del Estado» cando o posto poida ser ocupado por outro persoal.

Así mesmo, prevese a posibilidade de non publicar na resolución da convocatoria os datos dos titulares daqueles postos de traballo para os cales así se considere expresamente na propia convocatoria, por razón da súa especial confidencialidade ou reserva.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 27 de novembro,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Establécese o réxime específico do sistema de provisión de postos de traballo dos catálogos das unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade que non dispoñan de normativa específica, nos termos previstos no artigo 4 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Artigo 2. *Adscrición dos postos.*

1. Os postos de traballo dos catálogos do Gabinete de Coordinación e Estudos, do Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) e da Inspección de Persoal e Servizos de Seguridade serán de adscrición exclusiva a funcionarios das forzas e corpos de seguridade do Estado.

2. Os postos de traballo dos catálogos das demais unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade, así como os postos dos titulares das unidades que se citan no punto anterior, poderán ser ocupados, ademais de por funcionarios das forzas e corpos de seguridade do Estado, por outro persoal funcionario da Administración xeral do Estado, por razóns da especialidade das funcións dos postos, nos termos previstos nos seus correspondentes catálogos.

Artigo 3. *Formas de provisión.*

1. A provisión dos postos de traballo a que se refire o artigo 1 levarase a cabo polos procedementos de concurso específico de méritos ou de libre designación, en atención á natureza das súas funcións, de conformidade co que se determine no catálogo de postos de traballo, e rexerese polas correspondentes convocatorias.

2. Nos concursos específicos os méritos serán valorados por unha comisión que estará integrada por dous representantes da unidade a que estea adscrito o posto de traballo que se convoca, dos cales, en caso de empate ou de maior xerarquía, dirimirá co seu voto, e dous representantes da subdirección xeral competente en materia de recursos humanos do Ministerio do Interior.

3. En todo caso, por razóns de confidencialidade e seguridade da información, proveranse polo sistema de libre designación os postos de traballo dos catálogos das unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade que teñan asignado un nivel de complemento de destino 26 ou superior.

Artigo 4. *Convocatorias.*

1. A convocatoria e a resolución dos postos de traballo publicaranse unicamente na Orde Xeral da Dirección Xeral da Policía e no Boletín Oficial da Garda Civil.

2. Non obstante o anterior, a convocatoria e a resolución dos postos de traballo que poidan ser ocupados por outro persoal da Administración xeral do Estado tamén se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

3. Na resolución da convocatoria non se publicarán os datos dos titulares dos postos de traballo para os cales así se prevexa expresamente na propia convocatoria, por razón da súa especial confidencialidade ou reserva.

Disposición adicional primeira. *Dereito supletorio.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación o disposto na normativa aplicable aos funcionarios da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional segunda. *Adaptación dos catálogos de postos de traballo.*

A Subsecretaría do Departamento, por proposta da Secretaría de Estado de Seguridade, no prazo de seis meses remitirá á Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións os correspondentes catálogos de postos de traballo das unidades afectadas, para adaptalos ao disposto neste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Non incremento de gasto público.*

A aplicación do disposto neste real decreto non implicará incremento do gasto público, nin de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal.

Disposición adicional cuarta. *Referencias.*

As referencias ás unidades adscritas á Secretaría de Estado de Seguridade recollidas neste real decreto adaptaranse aos cambios na estrutura do departamento que os afecten.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio na provisión dos postos de traballo.*

1. Ata que se aproben os correspondentes catálogos de postos de traballo adaptados ao disposto neste real decreto, a provisión deses postos de traballo levarase a cabo na forma prevista nos catálogos vixentes.

2. Os titulares dos postos de traballo que se vexan afectados polo disposto neste real decreto continuarán desempeñándoos. Non lles será de aplicación para efectos do seu cesamento. Neste sentido, o cesamento nos citados postos producirase conforme corresponda segundo o modo de provisión polo que se accedeu a estes.

Disposición transitoria segunda. *Comisión de valoración.*

Unha vez que entrase en vigor a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a comisión de valoración que se regula no artigo 3.2 estará formada por un representante do Gabinete do secretario de Estado de Seguridade, coa condición de funcionario de carreira en servizo activo, pertencente a corpos ou escalas clasificadas en grupos de igual ou superior nivel ao dos postos en concurso e que en caso de empate dirimirá co seu voto, dous representantes da unidade a que estea adscrito o posto de traballo que se convoca e un representante da subdirección xeral competente en materia de recursos humanos do Ministerio do Interior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 18.^a e 29.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, e en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ